



CONGRESO DE LOS DIPUTADOS
SECRETARÍA GENERAL
REGISTRO GENERAL

20 MAY. 2024 14:39:04

Entrada **26149**

Preguntas relativas ao impacto das obras de construción da Variante Exterior de Ourense

Competencia
Subcompetencia
Tipo Expediente

Competencias de la Cámara
Control e información
184-Pregunta al Gobierno con
respuesta escrita.

Fdo.: Néstor REGO CANDAMIL

Diputado



Á MESA DO CONGRESO

O deputado do **BLOQUE NACIONALISTA GALEGO (BNG)**, Néstor Rego Candamil, adscrito ao GRUPO PARLAMENTAR MIXTO, ao abeiro do establecido no artigo 185 e seguintes do Regulamento do Congreso dos Deputados, formula as seguintes **preguntas dirixidas ao Goberno para a súa resposta escrita relativas ao impacto das obras de construción da Variante Exterior de Ourense nas infraestruturas de abastecemento de auga, rede de camiños e a rede de saneamento de Seixalbo (Ourense).**

Os veciños e veciñas de Seixalbo en Ourense teñen dirixido distintas queixas a ADIF e á Confederación Hidrográfica Miño-Sil polo impacto que as obras de construción da Variante Exterior de Ourense están a causar en distintas propiedades particulares, tales como fincas e vivendas, na rede de camiños, nas infraestruturas de abastecemento de auga, da rede de saneamento e en distintos cursos de auga.

As obras están a producir fendas nas vivendas e construcións, así como vertidos en distintos regatos, polo que as persoas afectadas da zona reclaman que se minimicen posibles futuros danos e que se reparen os xa causados.

Así mesmo, sinalan que as obras de construción da Variante na liña de alta velocidade no tramo desde o túnel de Rante con Seixalbo, están a xerar problemas polo alto nivel de ruído provocado polas explosións e escavacións en horario nocturno.

Entre os traballos que está a levar a cabo Adif no tramo entre o túnel de Rante e a conexión Seixalbo está a montaxe do encofrado dun dos maiores viadutos da liña que sorteia a estrada OU-525 e o río Barbaña, ademais da canalización do río Seixalbo baixo a liña de alta velocidade e a convencional.

CONGRESO DE LOS DIPUTADOS
SECRETARÍA GENERAL
REGISTRO GENERAL

20 MAY. 2024 14:39:04

Entrada **26149**



Polos motivos expostos, o BNG formula as seguintes preguntas ao Goberno:

1. Ten coñecemento Adif das queixas dos veciños e veciñas de Seixalbo polo impacto que as obras de construción da Variante Exterior de Ourense (tramo túnel de Rante-Seixalbo) está a causar sobre as propiedades particulares (vivendas e leiras) e nas infraestruturas de abastecemento de auga, cursos de auga e camiños?
2. Reparará os danos causados polas obras tanto en bens particulares como nas infraestruturas e bens públicos e repoñeraas ao seu estado anterior?
3. Vai pórse en contacto cos veciños e veciñas de Seixalbo para analizar os danos producidos e estudar as accións de reparación?
4. Están a levarse a cabo escavacións e explosións durante as horas nocturnas? De ser así, É posible adoptar medidas que permitan conciliar o avance das obras co respecto dos períodos de descanso dos veciños e veciñas?
5. Cando se van a finalizar as obras do tramo entre o túnel de Rante e Seixalbo? Realizouse xa a canalización do río Seixalbo?

Madrid, a 20 de maio de 2024

Néstor Rego Candamil

Deputado do BNG no Congreso



A LA MESA DEL CONGRESO

El diputado del **BLOQUE NACIONALISTA GALEGO (BNG)**, Néstor Rego Candamil, adscrito al GRUPO PARLAMENTARIO MIXTO, al amparo de lo establecido en el artículo 185 y siguientes del Reglamento de los Diputados, formula las siguientes **preguntas dirigidas al Gobierno para su respuesta escrita relativas al impacto de las obras de construcción de la Variante Exterior de Ourense en las infraestructuras de abastecimiento de agua, red de caminos y la red de saneamiento de Seixalbo (Ourense).**

Los vecinos y vecinas de Seixalbo en Ourense han dirigido distintas quejas a ADIF y a la Confederación Hidrográfica Miño-Sil por el impacto que las obras de construcción de la Variante Exterior de Ourense están causando en distintas propiedades particulares, tales como fincas y viviendas, en la red de caminos, en las infraestructuras de abastecimiento de agua, de la red de saneamiento y en distintos cursos de agua.

Las obras están produciendo grietas en las viviendas y construcciones, así como vertidos en distintos regatos, por lo que las personas afectadas de la zona reclaman que se minimicen posibles futuros daños y que se reparen los ya causados.

Asimismo, señalan que las obras de construcción de la Variante en la línea de alta velocidad en el tramo desde el túnel de Rante con Seixalbo, están generando problemas por el alto nivel de ruido provocado por las explosiones y excavaciones en horario nocturno.

Entre los trabajos que está llevando a cabo Adif en el tramo entre el túnel de Rante y la conexión Seixalbo está el montaje del encofrado de uno de los mayores viaductos de la línea que sortea la carretera OU-525 y el río Barbaña,



además de la canalización del río Seixalbo bajo la línea de alta velocidad y la convencional.

Por los motivos expuestos, el BNG formula las siguientes preguntas al Gobierno

1. ¿Tiene conocimiento Adif de las quejas de los vecinos y vecinas de Seixalbo por el impacto que las obras de construcción de la Variante Exterior de Ourense (tramo túnel de Rante-Seixalbo) está causando sobre las propiedades particulares (viviendas y fincas) y en las infraestructuras de abastecimiento de agua, cursos de agua y caminos?
2. ¿Reparará los daños causados por las obras tanto en bienes particulares como en las infraestructuras y bienes públicos y las repondrá a su estado anterior?
3. ¿Se pondrá en contacto con los vecinos y vecinas de Seixalbo para analizar los daños producidos y estudiar las acciones de reparación?
4. ¿Se están llevando a cabo excavaciones y explosiones durante las horas nocturnas? De ser así, ¿Es posible adoptar medidas que permitan conciliar el avance de las obras con el respeto de los periodos de descanso de los vecinos y vecinas?
5. ¿Cuándo se van a finalizar las obras del tramo entre el túnel de Rante y Seixalbo? ¿Se ha realizado ya la canalización del río Seixalbo?

Madrid, a 20 de mayo de 2024

Néstor Rego Candamil

Diputado del BNG en el Congreso